

COMPOSICIÓN Nº 2 (SÉC. XIX) – AS CORTES DE CÁDIZ E A CONSTITUCIÓN DE 1812¹

ORIENTACIÓNS DA PAU:

O alumnado deberá facer referencia ao contexto da guerra de Independencia; ás razóns para a convocatoria de Cortes en Cádiz; explicar o seu labor lexislativo, así como as tendencias políticas dos deputados; indicar as dificultades atopadas para o establecemento do réxime liberal e demostrar que coñece o novo modelo político e social deseñado pola Constitución de 1812.

Os documentos obxecto de comentario farán referencia a:

- convocatoria de Cortes
- a súa composición social e ideolóxica
- seu labor (principais decretos e Constitución de 1812)

GUERRA E RAZÓNS PARA CONVOCATORIA DAS CORTES

A raíz do sucedido desde marzo de 1808, co Motín de Aranjuez de Fernando contra seu pai, as abdicacións de Baiona ante Napoleón e a rebelión do 2 de maio en Madrid, podemos dicir que en maio e xuño de 1808 comeza a Guerra de Independencia en España. Coa familia real “secuestrada”, numerosas vilas e cidades crearon Xuntas Locais de Goberno, unha forma de organización espontánea, que nacía cun dobre obxectivo:

- organizar a loita contra ao ocupante francés.
- organizar o goberno, en ausencia do Rei lexítimo (negando como rei a Xosé I).

Pronto, para unha maior coordinación, foron aparecendo tamén xuntas provinciais e, por riba, a Xunta Suprema Central de España e Indias, como goberno de España. Esta Xunta Central será a que, en 1810, decida transformarse en Consello de Rexencia e convocar Cortes Xerais Extraordinarias (reunión representantes das provincias) para:

- 1) dar máis lexitimidade ás decisións políticas a tomar en ausencia do rei
- 2) coñecer mellor a vontade da nación
- 3) comezar importantes reformas.

TENDENCIAS POLÍTICAS DOS DEPUTADOS

Estas Cortes reuníronse en Cádiz (ben protexida dos franceses) o 24 setembro de 1810, primeiro nun Teatro da Isla de León (parte de Cádiz máis pegada á península Ibérica) trasladándose un ano despois ao elíptico Oratorio San Felipe Neri, no centro de Cádiz.

Socialmente:

Predominan deputados ben formados: funcionarios, avogados, profesores, médicos etc. aínda que o grupo maioritario era o clero (case un terzo dos 301 deputados). Sobre todo un clero urbano e formado intelectualmente, case todo de ideas liberais, e que foi o que levou a voz cantante en todas as deliberacións.

Ideoloxicamente, estes deputados dividíanse en 3 grupos:

LIBERAIS, que pedían Soberanía Nacional exclusiva nas Cortes (e foron os máis influentes)
L.MODERADOS/Jovellanistas, a favor da Soberanía Nacional compartida: Rei e Cortes estamentais
ABSOLUTISTAS/Realistas/Servís, a favor de manter a Soberanía só no rei. Estes últimos apostaban por manter integramente o sistema tradicional do Antigo Réxime.

¹ Textos de <https://somohistoriaconmiguelabreira.blogspot.com/2021/02/para-que-serven-estes-apuntes.html> @miguelabreira e do manual Historia de España da editorial Baía.

O NOVO MODELO DESEÑADO POLA CONSTITUCIÓN DE 1812

As Cortes de Cádiz, asediadas en todo momento por bombardeos das tropas francesas, foron debatendo e aprobando por votación numerosos decretos e artigos xa desde 1810. Entre estes decretos destacamos:

- 1) A proclamación da soberanía nacional e a separación de poderes (1810) Foi a primeira medida. Fronte á soberanía real de orixe divina, proclamaron a soberanía nacional, que residía nas Cortes porque elas representaban a nación española.
- 2) A abolición dos señoríos xurisdiccionais e dos privilexios de orixe feudal (1811). A xustiza, que até entón estaban en mans da nobreza e da Igrexa, pasou ao Estado.
- 3) A liberdade de imprenta sen censura previo (1810)
- 4) A regulamentación do poder executivo.
- 5) A formación dos Concello constitucionais e das Deputacións provinciais
- 6) A creación do Tribunal Superior de Xustiza, a reforma das Audiencias e a creación dos partidos xudiciais
- 7) A supresión do Tribunal da Inquisición

O conxunto de decretos e reformas das Cortes de Cádiz aboliron legalmente o Antigo Réxime. Con todo, as masas populares, influenciadas polos eclesiásticos, percibiron ditas reformas como atentatorias contra a relixión e os costumes tradicionais.

O 19 de marzo de 1812, coincidindo co 4º aniversario do Motín de Aranjuez, aprobouse a primeira Constitución española, ("A Pepa", por ser día de San Xosé). O texto establecía un novo sistema, liberal, moderno e moi revolucionario:

- 1) Monarquía constitucional: Rei si, pero cun poder limitado pola Constitución.
- 2) Soberanía Nacional: o poder reside na Nación (as Cortes); non no rei.
- 3) Ríxida división de poderes:
 - Lexislativo: compartido entre as Cortes (unicamerais, que elaboran as leis) e o monarca (que as promulgaría e podía vetar/suspender as Cortes).
 - Executivo: para o monarca (como Xefe do Estado e do Goberno)
 - Xudicial: para os Tribunais de Xustiza (con xurado popular nalgúns casos).
- 4) Recoñecemento de numerosos dereitos e liberdades para os cidadáns:
 - dereito ao Sufraxio Universal (masculino) indirecto para elixir os representantes nas Cortes
 - dereito á liberdade e á propiedade privada
 - dereito á educación
 - liberdade de imprenta e de opinión
 - igualdade de todos ante a lei e ante as cargas do Estado, sexan estas fiscais (con pago proporcional á riqueza) ou militares (con servizo militar obrigado), rematando así cos privilexios estamentais e cos foros dalgúns territorios, e apostando no seu lugar pola centralización política de España.
- 5) Para asegurar a orde pública e a defensa destas liberdades, créase a Milicia Nacional, un corpo armado no que os cidadáns debían servir.
- 6) Unitarismo e centralismo político: fronte á diversidade lexislativa e administrativa, imponse unha única lexislación que eliminaba os particularismos dos antigos reinos e privilexios forais.
- 7) Finalmente, en atención á tradición, e demostrando que nin monarquía nin catolicismo eran discutibles, declarábase España como Estado confesional católico.

En resumo, as Cortes de Cádiz aprobaron un texto moderno e revolucionario, que puña fin ao

absolutismo e ao Antigo Réxime e implantaba un sistema liberal.

DIFICULTADES ATOPADAS

En cambio, nin os decretos nin a Constitución de 1812 chegarían a aplicarse, debido á ocupación napoleónica da maior parte do territorio. Ademais, para o pobo, aínda moi aferrado ás tradicións e moi controlado pola Igrexa, a Pepa era un ataque á relixión e á tradición por parte dunha elite intelectual.

Os deputados absolutistas, desconformes, redactaron o **manifesto dos Persas**, que entregaron ao rei en canto puideron para pedirlle a anulación do feito en Cádiz. Así, en 1814, ao regreso de Fernando VII, e coas Cortes esperando a súa aprobación, este derroga por completo toda a obra lexislativa feita en Cádiz, dissolve as Cortes, pecha universidades e comeza a perseguir a liberais e afrancesados (moitos, como Goya, acaban exiliándose a Francia ou Inglaterra), para restaurar, como se nada tivera pasado, o absolutismo e o Antigo Réxime.

Pero esta primeira Constitución deixa debuxada a posibilidade dunha España liberal, converténdose en modelo e inspiración dos liberais españois (e europeos e colonias americanas), que por medio de pronunciamentos militares intentarían obrigar ao rei a recuperala. En 1820, por fin, ao triunfar o pronunciamento do xeneral del Riego, Fernando VII, contra a súa vontade, non terá máis remedio que aprobala, dando lugar ao curto período do Trienio Liberal.